

# O PP conseguiu importantes bonificacións nas taxas locais



*Na aprobación das ordenanzas fiscais, o Partido Popular conseguiu importantes bonificacións nas taxas e xuros locais que se actualizaron este ano, mediante unha proposta que acadou o consenso de todas as forzas políticas da Corporación. (páx. 3)*

## PONTE DO AVE

**O PP DEFENDE OS INTERESES E OS RECURSOS DA ZONA FRONTE Á PASIVIDADE DO CONCELLO** (páx. 4)



**SEN ORZAMENTO PARA UNHA CATOIRA “EN VERDE”** (páx. 5)

**PASO A NIVEL DA CEDONOSA: PASIVIDADE DO MINISTERIO** (páx. 7)

**COLEXIO PROGRESO O PP DEFENDE UN CENTRO DIGNO; O PSOE VOTA EN CONTRA** (páx. 7)

## SAÚDO do VOCEIRO

### O TRABALLO DO PARTIDO POPULAR A PROL DOS INTERESES DE CATOIRA

■ Hai aproximadamente un ano iniciabase un novo mandato municipal que, como todos os comezos, xerou expectativas e esperanzas nun despegue real de Catoira e un avance en todos os eidos para os seus cidadáns.



Trascorrido este tempo, a realidade é que Catoira non dou un só paso salientable que responda positivamente a aquelas esperanzas. O noso concello permanece na mesma situación de parálise e de rutina, cun Goberno local que escatima todos os esforzos na defensa dos intereses e os dereitos dos catoirenses. Non houbo avance en temas tan fundamentais como as infraestruturas, a dinamización socioeconómica ou os servizos. O continuismo e a sumisión aos dictados da Xunta caracterizaron o labor no novo Goberno, malia as súas promesas de progresismo que, á hora da verdade, quedaron en simple etiqueta.

O Partido Popular de Catoira, lonxe de caer nesa desidia, tomou esta situación como alicerce para traballar máis e mellor a prol dos intereses da nosa vila. Impulsou iniciativas dirixidas a avanzar e mellorar nos ámbitos que máis preocupan e interesan aos veciños, cos que mantivo un contacto permanente e directo que reforzará aínda máis no futuro. Porque son os cidadáns de Catoira os que teñen que ter a palabra. E o Partido Popular traballa para que esa palabra se escoite.

Esta publicación é un elemento máis de achegamento á sociedade de Catoira. Nela resumimos o labor que, desde a oposición, fixo este partido neste primeiro ano de mandato. E que é tan só unha mostra do que estamos dispostos a facer desde a toma de contacto coa realidade para que Catoira sexa como ten que ser, como queren os seus cidadáns en cada parroquia, en cada aldea e en cada rúa. Queremos que, entre todos, fagamos das esperanzas de cambio e progreso verdadeiro unha realidade.

**Marcos Coira Guimarey**

*Presidente do Partido Popular de Catoira  
Concelleiro na Corporación Municipal de Catoira*

# O PP conseguiu importantes bonificacións nas taxas locais

■ Na aprobación das ordenanzas fiscais, o Partido Popular conseguiu importantes bonificacións nas taxas e xuros locais que se actualizaron este ano, mediante unha proposta que acadou o consenso de todas as forzas políticas da Corporación.

Concretamente,

- Bonificación do 90% no Imposto de Bens Inmóbles dos titulares de familia numerosa e do 50% nas construcións nas que exista aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.
- Bonificación do 90% no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras naquelas edificacións que reúnan os re-

quisitos legais de garantir a habitabilidade para os discapacitados, referidos unicamente ás vivendas concretas debidamente certificadas por técnico competente. Así como o 25% nas construcións nas que haxa aproveitamento da enerxía solar, onde non sexa obrigatoria a súa instalación.

- Bonificación do 75% do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica para aqueles vehículo híbridos ou que non dependan enerxeticamente do petróleo e os seus derivados.

Beneficios claros para os catoirenses, para as súas economías, para o seu benestar e para a protección do medio ambiente, que reflicten claramente a filosofía do labor do Partido Popular.



## ANTE A SUBIDA ELECTRICA...

# Fin da tarifa nocturna

■ Inmerso o país nunha crise económica que constitúe unha das principais preocupacións dos cidadáns, o Goberno de Zapatero, lonxe de artellar medidas para paliar a dita crise, cuxa existencia negou ata hai ben pouco, aprobou outras que contribúen a agrandala. Tal é o caso da supresión da tarifa nocturna coincidindo coa suba do prezo da electricidade.

O Grupo municipal popular instou ao Concello e á Xunta de Galicia, e obtivo o consenso total das restantes forzas políticas, a establecer canles de asesoramento para aqueles cidadáns que tivesen contratada esta tari-

fa en canto á adaptación ao novo sistema, así como a adoptar os mecanismos oportunos para minimiza-lo impacto económico que este cambio supón nas economías domésticas.

Novamente, o Partido Popular foi o que tomou a iniciativa na defensa dos intereses cidadáns nun asunto que, en Catoira, afecta a un importante número de familias e ante o que a Xunta, malia ter presenza na Comisión Nacional da Enerxía na que se aprobou o cambio, quedou de brazos cruzados sen amosar rexeitamento algún a esa decisión.

## PONTE DO AVE

# O PP DEFENDE OS INTERESES E OS RECURSOS DA ZONA FRONTE Á PASIVIDADE DO CONCELLO



■ O Partido Popular ofreceu o seu apoio aos sectores máis afectados polo novo deseño previsto polo Ministerio de Fomento para a ponte sobre o río Ulla do Tren de Alta Velocidade.

Fronte ao proxecto inicial dunha ponte colgante, o novo trazado supón a construción de piares sobre o río que conlevarán graves perxuízos para os recursos pesqueiros, riscos para a navegación e unha ameaza para a riqueza ecolóxica de ámbalas marxes da ría.

Froito do compromiso adquirido por Marcos Coira con comuneiros e mariñeiros na defensa dos intereses e os recursos da zona, o Grupo do Partido Popular no Parlamento galego implicouse na busca dunha solución alternativa a ese proxecto. Os portavoces de Pesca e Infraestructuras do dito Grupo, xunto coa vicepresidenta dos populares catoirenses, Ana Guillán, reuníronse con representantes da comunidade de montes de Catoira e co patrón maior da confraría de Rianxo e presentarán unha iniciativa na Cámara autonómica dirixida a que a Xunta inste ao Ministerio a replantexarse o deseño da ponte.

Mentres tanto, o Concello de Catoira amosa unha total pasividade e se resigna ante esta obra sen preocuparse polos seus posibles prexuízos.



# Sen orzamento para unha CATOIRA “EN VERDE”

■ O PSOE gusta moito de falar do ecoloxismo e o cambio climático, pero a súa aposta queda só en palabras.

O demostrou en Catoira cando o Grupo municipal do PP presentou unha proposta para a protección do medio ambiente que instaba ao Concello a predicar co exemplo, realizando reciclaxe e compostaxe dos residuos orgánicos procedentes das limpeza de xardíns, cunetas e camiños, que servirían como abono orgánico. Así mesmo, a proposta do Partido Popular instaba a fomenta-la compostaxe nos fogares, creando un programa específico para dar a coñecer esta técnica e dotando de material suficiente a aqueles que quixeran participar. Unha medida que axudaría a paliar-la carga que supón para as arcas locais a factura de SOGAMA e contribuíría a reduci-lo CO2 que xera o transporte dos residuos á planta de reciclaxe.

Propoñíase tamén crear programas formativos e informativos para dar a coñecer estas actuacións medioambientais en colaboración coas asociacións e cunha participación especial dos escolares, desde o convencemento de que a concienciación é o instrumento fundamental na defensa do medio e na loita contra o cambio climático.

A iniciativa non foi adiante polo voto en contra do PSOE, que alegou falta de orzamento. O que falta é imaxinación, vontade e unha xestión eficaz que distribúa ben os recursos e permita acadar novas fontes de financiamento.



## Desatención sanitaria

■ O Grupo popular denunciou as graves deficiencias que padecen os veciños de Catoira na atención primaria. O voceiro popular recordou que en Catoira non hai un servizo de urxencias e hai que acudir a Vilagarcía. Tampouco hai un pediatra tódolos días e cando falta un médico a Xunta non manda un substituto.

Sen embargo, o Goberno local está máis interesado na adscrición de Catoira á área sanitaria de

Santiago, con argumentos tales como a historia, as distancias ou mesmo motivos laborais, pero sen argumentar en donde serán as urxencias. ¿Teremos que ir a Vilagarcía, a Santiago ou a Valga? Tampouco aclara se os servizos son mellores que os de agora (S. Roque, H. do Salnés, H. Montecelo) ou se as listas de espera son de menor tempo. En definitiva, non explicou en qué beneficiará aos veciños no día a día esa adscrición.

# ¿Cos traballadores de Cedonosa?... ¡SI!

■ O pasado 1 de maio, o Partido Popular, xunto cos veciños de Catoira e outras forzas políticas e sociais, dixemos ben claro e ben alto “O pobo de Catoira cos traballadores de Cedonosa. Polo mantemento dos postos de traballo e a viabilidade da empresa”.

O PP plantexoulle ao resto das forzas políticas que esta manifestación debía mostrar a unión de todos en situacións tan graves como esta e así plantexamos que fose unha manifestación apolítica e que non houbera “símbolos” de ningunha forza política, así como que se procurara o maior apoio doutras institucións. O PP cumpre a súa palabra.



## Unha defensa real da igualdade

■ Co gallo do Día Internacional da Muller, o pasado oito de marzo, o Grupo Popular no Concello presentou ao Pleno un manifesto con iniciativas prácticas de apoio verdadeiro ás mulleres e de defensa real da Igualdade. Os problemas das mulleres non precisan de máis declaracións de intencións, senón que necesitan feitos contundentes e efectivos. Desde esa convicción, pedimos ao Goberno local que presionara ante os gobernos autonómico e do Estado para lograr avances tan imprescindibles como a creación de máis xulgados e con máis medios para loitar contra a violencia de xénero, que se artellaran medidas efectivas de fomento do emprego feminino, que se creara unha rede nacional de garderías para compaxinar a vida laboral e familiar, que se melloraran as pensións de viudedade e que se loitara con forza contra a desigualdade salarial.

A realidade é terca: en Galicia, a taxa de paro feminino é do 11,5 por cento e especialmente grave entre as mulleres de 25 a 54 anos, e as retribucións salariais son, de media, un 30 por cento inferiores respecto ás mesmas categorías desempeñadas por homes. Das 74 mulleres vítimas da violencia de xénero o pasado ano, 7 eran galegas. As políticas de teórica Igualdade desenvolvidas polo Goberno socialista do Estado están a resultar inútiles porque se centran fundamentalmente na imaxe e esquecen as necesidades reais. Non serve de nada establecer cotas; o que fai falla é valorar á muller polas súas capacidades, darlles o mesmo trato laboral e salarial que ao home e implementar políticas que fomenten a súa integración no mundo laboral respectando o seu dereito a ser nai.

O Goberno local de Catoira, facendo oídos xordos a esta realidade, rexeitou o manifesto.

## PASO A NIVEL DA CEDONOSA

# PASIVIDADE DO MINISTERIO

■ O Partido Popular presentou unha moción para que o Goberno local esixira a ADIF unha solución ao paso a nivel da Cedonosa, no que se stán a repetir deficiencias técnicas que supoñen un importante perigo para os traballadores desta empresa que o cruzan a diario. O portavoz do PP, Marcos Coira, lembrou o tráxico accidente de Valga de hai un ano, no que morreron tres persoas por culpa de erros técnicos e humanos.

Nesa iniciativa, este partido criticaba a total pasividade do Ministerio de Fomento que, como ven sendo habitual na súa relación con Galicia, elude solucionar os problemas. A este feito únese a intranquilidade que producen as afirmacións do ADIF sobre que a seguridade deste paso a nivel depende da estación de Catoira, cando esta non ten persoal.



Na moción pedíamos que o Concello fixera cumprir os prazos a ADIF para artellar unha solución, que presentara outras alternativas e que se dera apoio aos traballadores de Cedonosa. A día de hoxe, hai unha proposta de ADIF pero non se fixo nada sobre a mesma. O Goberno local, unha vez máis, mira para outro lado ante as preocupacións dos catoirenses.

## COLEXIO PROGRESO

# O PP defende un centro digno; O PSOE vota en contra

■ Froito do seu traballo ao lado dos catoirenses, o Partido Popular comprobou in situ as denuncias vertidas nos medios de comunicación pola Asociación de Nais e Pais do colexio Progreso de Catoira e levounas ao Pleno do Concello. Denuncias centradas nas graves deficiencias que se cometeron nas obras realizadas no colexio, entre elas na ampliación do patio (o desmonte leva area e auga ao patio co consecuente perigo de esbarar), a ampliación da cociña (bombonas de gas sen protección) ou a falta de pasarela cuberta para protexer os alumnos da choiva ao dirixirse ao comedor.

O voceiro do PP, Marcos Coira, esixiu ao Goberno local que se deixasen de “pasar a pelota” Concello, Consellería de Educación e empresa adjudicataria e que se esixisen responsabilidades e, sobre todo, que se subsanasen as deficiencias e se rematasen as obras pendentes.

O que estaba a pedir, en definitiva, era un centro digno para os alumnos do Progreso. O PSOE votou en contra.



Breves...

## AS PREGUNTAS “DO MILLÓN”

¿Por qué se empeña o Goberno local de Catoira en construír o edificio multiusos na Fonte Gaiteira? E ¿por qué non explica qué vai ser da actual Casa do Concello? O PP aplaude a iniciativa de contar cunhas instalacións axeitadas, pero o lugar elixido non é acertado, como tampouco o tempo económico para emprender ese proxecto, cun orzamento irreal que suporá máis débeda para as arcas locais. Non estamos para caprichos.

¿Por qué non están sempre colgadas do balcón da Casa Consistorial as bandeiras de Galicia, de España e da UE, tal como é obrigado por lei? ¿Descoñece o alcalde as obrigas legais da institución? ¿Qué razón o leva a incumprilas? A resposta... ao remate do mandato, xa que o alcalde négase a contestar ás preguntas que nese sentido lle fixo o PP.

¿Por qué a praia de Catoira se atopa nun lamentable estado? ¿Non lle importa ao Goberno local a imaxe do seu municipio? ¿Cando pensa limpar a praia e retirar as grandes pedras que causan tantas dificultades aos bañistas cando hai marea baixa? O PP denuncia, o Goberno cala.

### O Partido Popular

## Contra o canon dixital

■ O PP de Catoira quedou só na defensa dos intereses dos consumidores catoirenses respecto ao canon dixital. Este canon grava os soportes dixitais (CD, DVD...) así como os seus reprodutores (teléfonos móbiles, gravadores, MP3...) só polo feito de mercalos. Coa excusa de evita-lo pirateo, se esquece o dereito a facer copias privadas e, o que é peor, a presunción de inocencia, xa que este constitúe o único caso no que se sanciona un presunto delito antes de cometelo.

O Grupo popular plantexou ao Pleno que se manifestase en contra deste canon e da súa lei e que se apoiase á Plataforma “Todos contra el Canon”.